



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

PROGRAMA DE ACCESO Ó GRUPO SHOW

- A duración do programa poderá oscilar de 2:00 a 2,30 minutos.
- A música vocal está permitida.
- Terá que existir necesariamente un cambio de ritmo na música do programa, pasando de rápido a lento ou viceversa.
- O vestuario e a maquillaxe son a libre elección do patinador, coa única condición de que estos se adapten á normativa do show da RFEP.
- Está permitida a repetición dun integrativo e por unha soa vez, sempre que este se execute dentro do tempo da música.
- Os integrativos poderán patinarse en calquera orde.

INTEGRATIVOS

1. Oito cruzado adiante e atrás. Incluirá obrigatoriamente un mohawk e un choctaw.
2. Unha pirueta recoñecida de libre elección.
3. Unha figura con cambio de filo. É obrigatorio que o pé libre vaia como mínimo á altura da cadeira.
4. Canadiense atrás exterior.
5. Secuencia de treses con desprazamiento (travelling). Pódense incluír como entrada da pirueta ou ben executalos por separado.
6. Un salto recoñecido.
 - Pode ser: inglés, metz, salchow, flip, lutz, rittberguer ou turen.
 - Executarase según a normativa técnica do individual.
 - O salto será coreografiado, é dicir, a súa execución ha de estar integrada dentro da coreografía e en armonía coa música.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

7. Un brinco coreografiado.

- Salto sin rotación. Salto que implica a elevación completa dos dous patins do patinador da superficie da pista pero non existe rotación. Ex: patada á lua, salto a pés xuntos.....
- O brinco será coreografiado, é dicir, a súa execución estará integrada dentro da coreografía e en armonía coa música. Debe acompañarse necesariamente dalgún movemento orixinal cos brazos ou as pernas.

8. Secuencia de pasos en serpentina.

- Ha de incluir pasos avanzados recoñecidos.
- Como mínimo ha de incluir obrigatoriamente un tres, un bracket e un bucle.
- A orde de la execución é libre.
- A maiores dos pasos obrigatorios podense realizar todos aqueles que se estimen convenientes para completar a secuencia da serpentina.

ACLARACIÓNS

- Esta permitido axeonllarse e erguerse sobre a pista.
- Durante a execución do programa o patinador poderá utiliza-los xiros e pasos de enlace da patinaxe libre.
- Tódolos movementos deberán estar perfectamente adaptados ó ritmo da música.
- Para supera-la proba o patinador deberá conseguir unha puntuación de APTO (5,0) por maioría de xuíces.
- Poderase repetir un integrativo e por unha soa vez, sempre que se execute dentro do tempo da música.
- Serán penalizados aqueles programas que incluían un número maior ou menor das dificultades esixidas.